

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro do 2017, aprobou a reorganización e a revisión da redución docente e do complemento económico dos cargos académicos e outras designacións na USC, nos termos do documento adxunto.

Tamén se decidiu solicitar informe á Asesoría Xurídica sobre se é conforme a Dereito o incremento do complemento por cargo no caso dos secretarios/as de departamento (para 2016: 197,31 euros), previsto polo *Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribuciones del profesorado universitario*, e actualizado anualmente pola correspondente *Ley de Presupuestos del Estado*, e a súa equiparación co dos secretarios/as dos institutos de investigación (para 2016: 219,14 euros), como consecuencia do cal queda pendente de ratificación este aspecto do acordo.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 22 de febreiro de 2017, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace

O reitor

Juan M. Viaño Rey



C. Ferreiro

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO SOBRE A REORGANIZACIÓN E A REVISIÓN DA REDUCIÓN DOCENTE E DO COMPLEMENTO ECONÓMICO DOS CARGOS ACADÉMICOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017)

Obxectivo da proposta

Tendo en conta a dispersión que no tratamento dos cargos académicos se aprecia actualmente na nosa Universidade, é preciso dotarnos duns criterios de ordenación dos cargos académicos da USC e doutras designacións que non teñen esa consideración, para acadar un maior grado de racionalidade e sistematización no seu tratamento. O propio marco normativo permite á USC abordar unha regulación propia nesta materia, revisando a regulación contida no Regulamento de Profesorado do ano 1987 e, tendo en conta a literalidade do regulado no artigo 3.3. deste regulamento, facer unha revisión puntual das reducións que operan actualmente.

Un obxectivo adicional, non menos importante, é a actualización das equiparacións dos cargos académicos que deben solicitarse á Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) aos efectos dos complementos autonómicos por xestión.

A proposta está elaborada en base a información dispoñible, da que se deu conta ao Consello de Goberno na sesión do 29 de xullo de 2016, e que recolle a situación vixente, ben por decisión ou acordos establecidos de antigo, ben por acordos nas sucesivas PAA's, ben por nomeamentos do reitor con información ao Consello de Goberno. Agás erros materiais, esta é a referencia que está sendo aplicada no curso 2016-17.

Na proposta os cargos organízanse en distintas categorías en función da normativa na que se fundamenta a designación e das condicións de redución de docencia e/ou retributivas que levan aparelladas. A redución de horas lectivas é sempre opcional para o profesorado que desempeña o cargo.

Proposta de reorganización e revisión da redución docente e do complemento económico

(Ver resumen detallado na táboa do Anexo)

Establécense as tres categorías básicas seguintes, coas características que se detallan máis abaixo:

- 1. Cargos académicos xerais**
 - 1.1 Cargos académicos xerais propostos por normativa
 - 1.2 Cargos académicos xerais de disposición reitoral
- 2. Cargos académicos específicos**
 - 2.1 Cargos académicos específicos propostos por normativa
 - 2.2 Cargos académicos específicos de disposición reitoral
- 3. Outros cargos académicos**
 - 3.1 Cargos relacionados coa actividade académica, científica ou técnica, propostos por normativa
 - 3.2 Cargos relacionados coa organización académica, científica ou técnica, de disposición reitoral

3.3 Cargos en representación da USC de disposición reitoral

1. Cargos académicos xerais

Están establecidos por mandato LOU e/ou polos Estatutos da USC. Comportan un **número limitado de casos**: equipo reitoral (reitor/a, vicerreitor/a), secretaría xeral, equipos decanais/dirección centros, dirección e secretaría de departamentos/institutos universitarios de investigación/escolas de doutoramento, valedor/a da comunidade universitaria, adxuntos/as a reitor/a e a vicerreitor/a.

- ✓ **Redución de horas lectivas**, acordada por Consello de Goberno ou normativa xeral, con posibilidade de exención total nos cargos de reitor/a, vicerreitor/a, secretario/a xeral e adxunto/a á reitor/a.
- ✓ **Complemento económico**. Para os cargos de reitor/a, vicerreitor/a, secretaría xeral, equipos decanais/dirección centros, dirección de departamentos, a súa contía fixouse inicialmente polo Real Decreto 1086/1989 e actualízase a través das leis de orzamentos, O resto ten un complemento económico fixado por acordo do Consello de Goberno por equiparación a algún dos cargos anteriores.
- ✓ **Son nomeados por normativa de rango superior (caso do reitor) ou por resolución reitoral, dando conta ao Consello de Goberno, ben por disposición reitoral, ben por proposta normativa do órgano colexiado ou unipersonal correspondente**. Distinguimos así os dous tipos seguintes:

1.1 Cargos académicos xerais propostos por normativa

Son nomeados por normativa de rango superior ou por resolución reitoral, dando conta ao Consello de Goberno, a proposta normativa do órgano colexiado ou unipersonal correspondente. Son os seguintes : reitor/a, equipos decanais/dirección centros, dirección e secretaría de departamentos/institutos universitarios de investigación/escolas de doutoramento e valedor/a da comunidade universitaria.

1.2 Cargos académicos xerais, de disposición reitoral

Son nomeados por resolución reitoral, dando conta ao Consello de Goberno. Son os seguintes: vicerreitores/as, secretario/a xeral, adxuntos/as a reitor/a e a vicerreitores/as.

2 Cargos académicos específicos

Procede diferenciar dous tipos:

2.1. Cargos académicos específicos propostos por normativa

Son establecidos polos estatutos ou por acordo do Consello de Goberno coa consideración de **cargo académico**. Asumen funcións de responsabilidade con representación institucional ou de dirección de estruturas universitarias formais de carácter académico ou científico.

Inclúense neste caso os cargos relacionados con centros propios, consorcios ou institucións nas que participa a USC, sempre que exista un pronunciamento expreso do Consello de

Goberno, neste senso en atención á relevancia dos mesmos. Salvo convenio ou acordo expreso do Consello de Goberno, nestes casos o complemento económico deberá financiarse cos recursos propios do centro, consorcio ou institución.

- ✓ **Redución de horas lectivas e complemento económico** por equiparación a algún dos cargos do grupo 1.
- ✓ **Son nomeados por resolución reitoral, a proposta do órgano colexiado ou unipersonal correspondente, dando conta ao Consello de Goberno.**

2.2. Cargos académicos específicos de disposición reitoral

Son establecidos polos estatutos ou por acordo do Consello de Goberno para asumir responsabilidades directivas en relación co funcionamento de determinados servizos de carácter estable ou tarefas de confianza e asesoramento especial (persoal asesor regulado no artigo 92.1 dos Estatutos da USC).

- ✓ **Redución de horas lectivas e complemento económico** por equiparación ao cargo de **director/a ou secretario/a de instituto**, en función do seu nivel de responsabilidade e actividade.
- ✓ **Son nomeados por resolución reitoral, dando conta ao Consello de Goberno.**

3. Outros cargos académicos

3.1 Cargos relacionados coa actividade académica, científica ou técnica, propostos por normativa

Estes cargos concréntanse por acordo do Consello de Goberno, para realizar labores de coordinación e supervisión no ámbito da organización académica, científica ou técnica.

- ✓ **Redución de horas lectivas** por equiparación a cargo académico xeral, en función do seu nivel de responsabilidade e actividade.
- ✓ **Complemento económico:** non teñen.
- ✓ **O encargo efectúase por resolución reitoral, a proposta do órgano colexiado ou unipersonal correspondente, dando conta ao Consello de Goberno.**

3.2 Cargos relacionados coa actividade académica, científica ou técnica, de disposición reitoral.

Estes cargos concréntanse para realizar labores de coordinación e supervisión no ámbito académico, científico ou técnico.

- ✓ **Redución de horas lectivas e complemento económico** por equiparación a cargo académico xeral, en función do seu nivel de responsabilidade e actividade.
- ✓ **O cargo concréntase por resolución reitoral, dando conta ao Consello de Goberno.**

3.3 Cargos específicos en representación da USC, de disposición reitoral

Estes cargos efectúanse para representar á USC en Padroados de Fundacións, Clústeres, Centros adscritos, Parques Tecnolóxicos, Axencias ou similares.

- ✓ **Redución de horas lectivas:** Non teñen
- ✓ **Complemento económico:** Non teñen
- ✓ **O cargo concrétese por resolución reitoral, dando conta ao Consello de Goberno.**

Disposición Final

1. Este acordo entrará en vigor na data da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.
2. Agás nos casos concretos que figuran no acordo, **os cambios nas condicións retributivas aprobadas terán efecto do 1 de marzo de 2017.**
3. Non poderán aplicarse reducións docentes nin complementos retributivos por cargos e designacións que non figuren expresamente incluídos neste acordo. Calquera nomeamento ou designación que se efectúe con posterioridade a data de entrada en vigor do mesmo deberá encadrarse nalgunha das categorías nel recollidas.
4. Autorízase ao reitor para tomar as decisións oportunas na correcta aplicación deste acordo. En particular, deberán ser revisadas e, de ser o caso, actualizadas, as resolucións reitorais de todos os nomeamentos actualmente vixentes.

ANEXO

1. Cargos académicos xerais

1.1. Propostos por normativa

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Reitor/a	240	1.439,04 €	
Director/a / Decano/a de Centro	150	507,24 €	
Director/a de Departamento	90	367,03 €	
Subdirector/a / Vicedecano/a de Centro	90	273,72 €	
Secretario/a de Centro	90	273,72 €	
Director/a de Instituto de investigación	90	367,03 €	*No momento da toma de decisión sobre o Plan de Actuación en Institutos 2017, deixará de aplicarse aos/ás directores/as dos Institutos que non superen a avaliación. *A directora do ICE ten un complemento de 415,64 €: aplicar o acordo no momento da renovación do/a titular do cargo.
Secretario/a de Departamento	90	197,31 € *	*O Consello de Goberno acordou solicitar informe á Asesoría Xurídica sobre se é conforme a Dereito o incremento do complemento por cargo previsto polo <i>RD 1086/1989, sobre retribuciones del profesorado universitario</i> , e a súa equiparación co dos secretarios dos Institutos de Investigación. Como consecuencia do anterior, queda pendente de ratificación a equiparación do complemento cos secretarios/as de instituto(219,14 €).
Secretario/a de Instituto de investigación	60	219,14 €	No momento da toma de decisión sobre o Plan de Actuación en Institutos 2017, deixará de aplicarse aos/ás secretarios/as dos Institutos que non superen a avaliación.
Director/a de Escola de Doutoramento	90	367,03 €	Aplicación do acordo no momento da creación das Escolas polo Consello Galego de Universidades.
	Equiparado a director/a de departamento		
Secretario/a de Escola de Doutoramento	90	219,14 €	Manter a situación actual e aplicar o acordo no momento da creación das Escolas polo Consello Galego de Universidades.
	Equiparado a secretario/a de departamento		

Valedor/a da Comunidade Universitaria	240	650,56 €	
	Equiparado a vicerreitor/a		

1.2. De disposición reitoral

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Vicerreitor/a	240	650,56 €	
Secretario/a Xeral	240	650,56 €	
Adxunto/a a reitor/a	240	650,00 €	
	Equiparado a vicerreitor/a		
Adxunto/a ao reitor para Transferencia, Innovación e Emprendemento	240	650,00 €	
	Equiparado a vicerreitor/a		
Adxunto/a a vicerreitor/a	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Adxunto/a da vic. de Organización Académica e PDI	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Adxunto/a da vic. de Oferta Docente e Innovación Educativa	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Adxunto/a da vic. de Comunicación e Coordinación con competencias en Calidade	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Adxunto/a das vicerreitorías de Internacionalización e de Investigación e Innovación	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		

2. Cargos académicos específicos

2.1. Propostos por normativa

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Coordinador/a Consello de Estudos Avanzados	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Director/a da Escola de Práctica Xurídica	90	507,24 €	
	-		

Director/a do CIMUS/CIQUS /CITIUS	150	507,24 €	
	Equiparado a director/a de centro		
Subdirector/a, Director/a adxunto/a ou secretario/a do CIMUS/CIQUS /CITIUS	90	273,72 €	Só pode aplicarse a un dos cargos
	Equiparado a subdirector/a ou secretario de centro		
Director/a do Museo de Historia Natural	90	367,03 €	Manter a situación actual e aplicar o acordo no momento da renovación do/a titular do cargo
	Equiparado a director/a de instituto		
Director/a do Xardín Botánico	90	367,03 €	Manter a situación actual e aplicar o acordo no momento da entrada en funcionamento da estrutura
	Equiparado a director/a de instituto		
Director/a do Observatorio Astronómico "Ramón Maria Aller"	90	367,03 €	Manter a situación actual e aplicar o acordo no momento da renovación do/a titular do cargo
	Equiparado a director/a de instituto		
Director/a de Estación Científica	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Estación Científica do Courel	90	367,03 €	
Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con	90	367,03 €	
Estación de Bioloxía Mariña da Graña	90	367,03 €	
Director/a do Centro de Estudos e Documentación Europeo	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Director/a do Hospital Clínico Veterinario "Rof Codina"	90	507,24 €	
	Acordo coa Fundación Rof Codina		
Director/a do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI)	90	367,03 €	O pago de complementos faise con cargo ao Consorcio ITMATI.
	Acordo co IMATI		
Director/a da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER)	90	-	O pago de complementos, no seu caso, será con cargo á Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal.
	Acordo coa Fundación CEER		

Director/a Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)	90	-	O pago de complementos, no seu caso, será con cargo ao Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR).
	Acordo do CG		

2.2. De disposición reitoral

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Coordinadores/as de Plans, Programas ou Actividades	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Coordinador/a da Oficina de Igualdade	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Coordinador/a de Accións de Apoio á Investigación no ámbito de Bibliotecas e Servizos Documentais	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Coordinador/a do Plan de Desenvolvemento Sostible	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Coordinador/a do Programa "A Ponte" en Lugo	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Asesores	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Asesor/a para o Sistema Integrado de Información Universitaria (Vic. Comunicación e Coordinación)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de Instituto		

Asesor/a para a Internacionalización da Oferta Docente (Vic. de Internacionalización)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Asesor/a para a Xestión da Información e a elaboración do mapa relacional (Vic. Internacionalización)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Asesor/a no ámbito de plans estratéxicos de investigación (Vic. de Investigación e Innovación)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Asesor/a no ámbito de Estudantes, Cultura e Deportes (Vic. de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Asesor/a no ámbito de Responsabilidade Social e Residencias con competencia na Coordinación do SUR (Vic. Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Asesor/a para Acciões de Mecenado e Patrocinio Institucional (Vic. Comunicación e Coordinación)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Director/a do Centro de Estudos Propios	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de departamento		
Director/a do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Estudos Avanzados (CIEDUS)	150	507,24 €	Actualmente exerce tamén as funcións de Director da Escola de Doutoramento Internacional
	Equiparado a decano/a		
Director/a Comisario do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA)	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		

Director/a do CETA	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Subdirector/a do CETA	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Director/a da Escola Infantil Breogán	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Director/a do IV Ciclo	90	367,03 €	
	Equiparado a director/a de instituto		
Secretario/a Executivo/a do Grupo Compostela (CGU)	90	507,24 €	O pago do complemento económico faise con cargo a Asociación Grupo Compostela de Universidades (CGU).
	Acordo CG e Grupo Compostela		
Directores/as de Residencia Universitaria ou Colexio Maior	90	367,03 €	A redución docente só se aplica no caso de seren profesores/investigadores con docencia
	Equiparado a director/a de instituto		
Subdirectores/as de Colexio Maior ou Residencia	60	219,14 €	A redución docente só se aplica no caso de seren profesores/investigadores con docencia.
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Supervisores/as de instalacións de experimentación de cría e de subministro de animais de laboratorio (xefe veterinario do animalario)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Supervisores/as de Instalación Radiactiva Autorizada (IRA)	60	219,14 €	
	Equiparado a secretario/a de instituto		
Director/a do Coro Universitario	-	367,03 €	
	-		

3. Outros cargos académicos

3.1. Cargos relacionados coa actividade académica, científica ou técnica, proposto por normativa

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Secretario/a do Comité de Bioética	60	-	
		-	
Coordinador/a Máster Universitario/se ademais é Coordinador/a xeral de Máster interuniversitario	60/90	-	
		-	
Coordinador/a P. Dout. RD 99/2011 (10 ou + alumnos novos /con menos de 10)	60/30	-	
		-	
Coordinador/a do Practicum de Mestres	90	-	
		-	

3.2. Cargos relacionados coa actividade académica, científica ou técnica, proposto por normativa

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Presidente/a do Comité de Bioética	60	-	
		-	
Delegado/a da USC no Centro Superior de Hostelería de Galicia	90	-	
		-	
Comisionados/as ou delegados/as do reitor			
Delegado/a do reitor para o ensino medio e representante da USC na CIUG	240	650,56 €	
		Equiparado a vicerreitor/a	
Comisionado/a para o Campus da Cidadanía	150	507,24 €	
		Equiparado a decano/a	

3.3. Cargos específicos en representación da USC de disposición reitoral

CARGO	Redución docente	Complemento Económico 2016	OBSERVACIÓNS
Delegado do reitor na Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sustentabilidade (EnergyLab)	-	-	
		-	
Delegado do reitor no Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)	-	-	
		-	